

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/80-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DO GROVE
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE OURIZO
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	SUBMINISTRO DE AIRE DENDE A SUPERFICIE

Especies	Ourizo (<i>Paracentrotus lividus</i>)
Ambito do plan	Desde punta San Vicente a punta Faxilda (agás A Lanzada)
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	14	22
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción	120										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ (*) De xaneiro a marzo e de novembro e decembro. A actividade desenvolverase durante 4 días á semana, preferentemente de luns a xoves											
Modalidade⁽³⁾:											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X								X	X

Topes de captura		
Especies	Embarcación	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ourizo	-	75 kg

Artes a empregar	Subministro de aire dende superficie
-------------------------	--------------------------------------

Puntos de control	Peirao do porto de San Vicente, lonxa do Grove, embarcación de vixilancia
--------------------------	---------------------------------------------------------------------------

Puntos de venda	Lonxa do Grove.
------------------------	-----------------

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												

(*) Modificado por Resolución do 19 de maio de 2010 da Conselleira do Mar do recurso potestativo de reposición. 1



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas												
Zonas:												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ambito do plan: Con respecto ao ámbito do plan, exclúese a zona de Negreiriñas-Meloxo, que pertence por acordo entre entidades á confraría de Cambados, polo que se quixeran explotar esta zona necesitarían de autorización expresa desta confraría.

Participantes:

Proposta de ampliación: (*) Acceder ao incremento en 6 do número de habilitacións que se distribuirán entre as embarcacións do plan que contan cunha (1) soa, de tal xeito que todas as embarcacións do plan teñan 2 habilitacións.

Calendario de extracción: a entidade solicita 130 días de extracción (10 días máis que os autorizados para o ano 2009). Segundo os datos da evolución da campaña para o ano 2008, os días reais de extracción foron 81 e para o ano 2009 (sen incluír novembro) de 56 días, valor que rematado o ano nunca superará os 120 días máximos autorizados. Polo tanto, para axustar o calendario á actividade real non se considera conveniente incrementar os días, quedando en 120 días, ao igual que para o ano 2009. (*) A actividade desenvolverase durante 4 días á semana, preferentemente de luns a xoves.

Cotas máximas de captura: Tendo en conta as CPUE dos últimos anos (60,05kg no ano 2006, 57,22kg no ano 2007, 67,82 kg no ano 2008 e 70,39 en 2009) e para eliminar disfuncións detectadas respecto ás cotas máximas, o tope de captura será de 75 kg/tripulante enrolado e a bordo/día.

Non obstante, en función da evolución da campaña as cotas máximas de captura poderán verse reducidas.

Horario e artes autorizadas: De conformidade co establecido no artigo 126 do Decreto 424/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, a captura de ourizo poderá realizarse “todos os días laborables, agás sábados e vésperas de festivos, en horario abranguido entre as 9:00 e 15: 00 horas”. Por otura banda e con respecto ao uso do angazo como arte a empregar, lémbrese que de acordo artigo 127 do Decreto mencionado *as artes autorizadas para a extracción de ourizo serán o trueiro e a forquita*

Puntos de control: o control realizarase preferentemente no peirao de San Vicente, onde os

(*) Modificado por Resolución do 19 de maio de 2010 da Conselleira do Mar do recurso 2 potestativo de reposición.



vixillantes da confraría realizarán o control de topes e tallas (no vehículo de vixilancia). Tamén se realizará na lonxa do Grove e na embarcación do servizo de vixilancia na zona de traballo.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente á Delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Normas do plan: En relación coa posibilidade contemplada no plan de expulsión dos mariscadores que non cumpran as normas do plan, deberá terse en conta o seguinte:

- Para explotar os recursos específicos é necesario estar nun plan de explotación polo que é responsabilidade das confrarías o censo de participantes
- Non está acreditada a aprobación do plan polo colectivo de mergulladores, que son os directamente interesados na planificación da explotación do recurso.
- Calquera privación do dereito de exercer a actividade marisqueira por parte dunha confraría a través dun procedemento sancionador, que supoña a exclusión parcial ou total dun plan de explotación no que o mariscador estaba incluído, non está contemplada na normativa que regula a explotación de equinodermos nin o permiso de explotación.
- A persoa afectada, ante unha sanción do tipo contemplado no plan, poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Actividade de mergullo:

O informe da actividade de mergullo de data 11.11.2009 é favorable para o mergullo con subministro de aire dende superficie sempre que dito plan sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente.

No plan establécese un máximo de 5 horas de traballo diarias. Non se poderá superar os 10 metros de profundidade de inmersión en toda a xornadas. Se superase o tempo máximo de inmersión non poderá superar as 3 horas.

Mergullo en apnea: máximo 10 metros

Mergullo con subministro de aire dende superficie: máximo 12 metros, cun tempo total no fondo que non requira a realización de paradas de descompresión.

Coa primeira solicitude de apertura deberán achegar o plan de seguridade aprobado pola autoridade marítima correspondente.

Recomendacións para a mellora do plan:

- Aprobación do plan en asemblea do colectivo de mergulladores así como da ampliación solicitada
- Detallar a organización do punto de control.
- Presentación de plan financeiro.
- Documento no que se recollan as infraccións e sancións aprobado polo sector



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia